EXPERIENCIAS**SOS**TIBLES

# Pequenos xestos
# GRANDES CAMBIOS



### XERAL

É imprescindible a colaboración de toda a cidadanía para que a xestión dos residuos sexa eficiente; neste sentido, é moi importante realizar a separación dos refugallos domésticos. Debemos separalos en orixe e depositalos no contedor adecuado:

**CONTEDOR MARRÓN:** biorresiduos.
**CONTEDOR AZUL:** papel e cartón.
**CONTEDOR-IGLÚ VERDE:** envases de vidro.
**CONTEDOR AMARELO:** envases de plástico, metal, bricks e madeira.
**CONTEDOR VERDE:** resto (residuos non reciclables).

Os residuos non incluídos nas fraccións detalladas anteriormente (aceite de fritir, roupa, pinturas, pilas, pequenos electrodomésticos...) deben ser tratados adecuadamente. A súa recollida realízase a través dos puntos limpos fixos e móbiles que poñen a disposición os concellos.

### contedor **MARRÓN**

(biorresiduos)

Neste contedor depositaremos só residuos orgánicos biodegradables, de orixe vexetal ou animal. Exemplos: ósos, espiñas, desperdicios de froitas e verduras, cascas de ovo, cascas de mariscos e froitos secos, pousos de café e infusións, papel de cociña e panos de mesa usados, pequenos restos de xardinería etc. Se estes residuos se depositan en bolsas, estas deben ser biodegradables, nunca de plástico.

Nunca tires aquí toalliñas hixiénicas, compresas nin cueiros, cabichas, pelo nin varreduras, area de gato ou excrementos de animais.

### contedor **AZUL**

(papel e cartón)

Este contedor é o destinado aos residuos de papel e cartón. Exemplos: xornais, folletos, revistas, caixas de cartón sen cintas adhesivas nin grampas metálicas, bolsas de papel, tubos de cartón etc

Nunca tires aquí refugallos hixiénicos (panos, compresas, cueiros, toalliñas), papeis ou cartóns de envases de comidas con revestimentos de aluminio ou plásticos; envoltorios de embutidos, os billetes de papel térmico...

### contedor-iglú **VERDE**

(envases de vidro)

Neste contedor depositaremos unicamente envases de vidro sen tapas e tapóns. Outros materiais coma a cerámica, o cristal ou a porcelana non son reciclables a través deste contedor, dado que a súa composición é diferente. Exemplos: botellas de vidro, tarros e frascos de vidro de bebidas, alimentos, artigos de cosmética e perfumería; frascos de vidro con bóla ou atomizador como perfumes e desodorizantes.

Nunca tires aquí cristais de xanelas, espellos, vidros de automóbiles, vaixela de cristal ou porcelana, tapóns ou rollas metálicas de envases de vidro.

### contedor **AMARELO**

(envases de plástico, metal, bricks e madeira)

Este contedor é o destinado aos envases de plástico, metal, bricks e madeira. Un obxecto non debe tirarse a este contedor só por ser de plástico, nel depositaremos unicamente os que sexan envases. Exemplos: botellas de auga ou refresco, envases de produtos de limpeza baleiros, bolsas, terrinas de manteiga e iogures; latas de conservas e bebidas, aerosois baleiros, papel de aluminio de cociña; bricks de leite, zumes ou caldos, tubos de pasta de dentes, crema de afeitar, tapas metálicas, envases de madeira...

Non debemos tirar aquí xoguetes, CD, utensilios de cociña, luvas de látex, biberóns, chupetes, cueiros, bolígrafos, rotuladores, material escolar...

### contedor **VERDE**

(resto – residuos non reciclables)

Neste contedor depositaremos os refugallos que non van nos outros contedores. Exemplos: residuos sanitarios (cueiros, compresas...); plásticos que non sexan envases nin envoltorios (máquinas de afeitar, cepillos de dentes...); cabichas, area de gato e excrementos de animais domésticos, cerámica e porcelana, biberóns e chupetes, residuos de limpeza doméstica (varreduras, pelo, bolsas de aspiradora); papel e cartón sucios...; vasos, copas e outros obxectos de cristal e espellos.

Nunca tires aquí medicamentos, residuos eléctricos, roupa nin calzado, restos de pequenas obras, aceite usado... para estes casos existen os puntos limpos.

datuaman.depo.gal · residuos.depo.gal · **depo.gal**


Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE ECONOMÍA, COMERCIO Y EMPRESA

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Deputación Pontevedra

RURAL Commerce inside
Da túa man